

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 15 de maio de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 21475 (09/PNC-001701)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e nove deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta da Comisión de expertos para a reforma do sistema tributario español de establecemento dun novo imposto para o viño

BOPG nº 266, do 03.04.2014

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e ao Ministerio de Facenda a oposición á proposta de establecer un novo imposto para o viño na reforma do sistema tributario.»

- 21531 (09/PNC-001707)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés, e sete deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da correlación das referencias identificativas entre o Rexistro Vitícola de Galicia e o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas

BOPG nº 269, do 09.04.2014

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Medio Rural e do Mar, coordine as actuacións necesarias para establecer a correlación das referencias identificativas entre os Sistemas de Información Xeográfica RVG e o SIXPAC.»

Rexeitamento da iniciativa

- 22437 (09/PNC-001832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da nova política agraria común e os criterios de acceso aos fondos do Plan de apoio ao sector vitivinícola

BOPG nº 281, do 30.04.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 22524 (09/PNC-001840)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a implementación pola Xunta de Galicia de políticas orientadas á consecución dun servizo unificado, profesional, público e galego para a prevención e extinción dos incendios forestais

BOPG nº 281, do 30.04.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2ª

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 284, do 6 de maio de 2014, do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles

Advertido un erro material na publicación do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles para a Administración do Parlamento de Galicia, procédese á súa corrección:

Na páxina 67301, no punto 10 do cadro de especificacións, onde di:

10	Revisión de prezos	O prezo de adjudicación non sufrirá ningunha alteración durante o primeiro ano de vixencia do contrato e nos anos seguintes só deberá revisarse o prezo de contratación de acordo coa variación do índice de prezos de consumo (IPC) anual estatal entre datas na contía determinada polo artigo 90.3 do TRLCSP.
----	--------------------	--

Debe dicir:

10	Revisión de prezos	Os prezos desta contratación non serán obxecto de revisión, xa que no seu cálculo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o prazo de execución.
----	--------------------	---

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 289, do 13 de maio de 2014, do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a xestión e explotación do servizo de cafetería

Advertido un erro material na publicación do prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a xestión e explotación do servizo de cafetería do Parlamento de Galicia, procédese á súa corrección:

Na páxina 67912, no punto 10 do cadro de especificacións, onde di:

10	Revisión de prezos	O prezo de adjudicación e os prezos unitarios das tarifas dos produtos ofertados non sufrirán ningunha alteración durante o primeiro ano de vixencia do contrato. Nos vindeiros anos só poderá revisarse o prezo de acordo coa variación do índice de prezos de consumo (IPC) anual estatal entre datas na contía determinada polo artigo 90.3 da TRLCSP.
----	--------------------	---

Debe dicir:

10	Revisión de prezos	Os prezos desta contratación non serán obxecto de revisión, xa que no seu cálculo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o prazo de execución.
----	--------------------	---

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 290, fascículo 2, do día 14 de maio de 2014, en relación coa publicación da pregunta oral en Pleno con carácter de urxencia, epígrafe 1.4.4.1.2. Preguntas urxentes - 23005 (09/POP-002033)

Advertido un erro material na publicación citada, cómpre efectuar a oportuna corrección.

No sumario e mais na páxina 68098, onde di: «23005 (09/POP-002033)», debe dicir: «23005 (09-PUP-000112)».

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2014

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior